

BRINCA VAI!

Texto e música de **PACO NOGUEIRAS**

Ilustracións de **DAVID PINTOR**

Vídeos de **SR. SAGÜILLO**

III PREMIO MARTÍN CÓDAX DA MÚSICA (MÚSICA INFANTIL)

Encadernado en cartoné. 16 x 16 cm. 56 páx. 23 €.

ISBN 978-84-8464-877-2. Libro-CD-DVD.

Prólogos de Juana Vázquez (mestra e coordinadora de biblioteca escolar) e Manuel Cortés (escritor e actor do grupo Chévere).

Eleva a paisaxe cotiá, a escola, a casa, a biblioteca, á categoría de escenarios e fáino sen alterar o que lles é propio: a sinxeleza e a proximidade...
(Juana Vázquez).




Deixádevos levar entre as diversas aparencias que tén a lectura. Gozade vendo, escoitando ou cantando...
(Manuel Cortés).

“Brinca Vai!” é un traballo colectivo que se presenta en varios soportes: libro ilustrado, CD con 12 cancións en galego e DVD con vídeos musicais gravados coa colaboración de escolares de varios colexios.

A liberdade creativa é a principal característica das composicións, escritas e interpretadas por Paco Nogueiras cun amplo abano de estilos e de contrastes, dende o techno ao rock, pasando polo reggae ou a música electrónica, con influencias tradicionais. Co obxectivo de achegar a tradición á actualidade mediante ritmos e estéticas contemporáneas, as cancións tratan sobre temas incluídos no currículo escolar: as estacións, a natureza, a lectura, a amizade, os xogos e as celebracións populares, festas como o Entroido, o Magosto, o Samaín ou o Nadal.

Seguindo o espírito lúdico e humorístico das composicións, as ilustracións de David Pintor destacan tamén polo seu ton trouleiro, caricaturesco e transgresor da realidade, con imaxes de moito colorido, expresividade e dinamismo, nas que aparece representado un alter-ego do intérprete ataviado co seu característico chapeu azul.

Os vídeos elaborados por Sr. Sagüillo complementan o carácter audiovisual deste traballo, co propósito de achegar ao eido educativo un material útil para a formación do alumnado, antes e despois dos 7 anos. É unha proposta de lectura, expresión musical e corporal, creatividade artística e aprendizaxe global en clave de diversión, que non remata coa publicación da obra, senón que busca a interacción e deixa aberta a porta á implicación do público escolar e familiar.



- **Temática:** libro-cd-dvd con cancións sobre temas do currículo escolar.
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.
- **Lista de cancións:** Brinca Vai! - No samaín - Rap do magosto - Cos pés na terra - O apalpador - Apertas que voan - O entroido move o corpo - A palabra ten vida - Nun libro... - Augas que veñen e van - Porque vén o verán - Meu o mundo é!
- **Aspectos destacables:** inclúe entrevista co autor e instrucións para facer vídeos musicais; contidos extra na web www.brincavai.com; do ilustrador de “Compostela”, “Lisboa”, “Barcelona”, “Contos para nenos que dormen deseguida” e “Nicomedes o pelado”.

Paco Nogueiras

(Santiago de Compostela, 1970)

Diplomado en Graduado Social, músico e actor. Tras formarse cos artistas Andrés Pazos e Fabio Mangolini, impartiu clases de teatro e dirixiu representacións en entidades culturais e escolas. Foi actor e percusionista de Els Comediants e Os Quinquilláns. Na actualidade forma parte da compañía de animación musical infantil Os Tres TENedORES, do grupo Os Modernos e do coro da Escola Estudio de Música de Santiago. Participou en formacións de música tradicional e foi creador da banda sonora de varios espectáculos teatrais, musicais, de danza e dunha serie infantil da TVG. Colaborou en dous discos con Ophiusa.
<http://www.facebook.com/BrincaVai>

David Pintor

(A Coruña, 1975)

Ilustrador. Foi seleccionado en varias edicións da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña e mais da Bienal de Ilustración de Bratislava. Finalista dos CJ Picture Book Awards e incluído na prestixiosa lista The White Ravens. Recibiu diversos recoñecementos nacionais e internacionais: premio da Society of News Design, premio Communication Arts, premio Pura e Dora Vázquez de ilustración, Premio Clermont-Ferrand de cadernos de viaxe e premio Ilustrador do Ano Città del Sole, entre outros.
<http://davidpintor.blogspot.com>

José Miguel Sagüillo (Sr. Sagüillo)

(Vigo, 1978)

Licenciado en Belas Artes (Audiovisuais). Artista visual, especialista en animación 3D, deseño gráfico, motion graphics, ilustración, edición e postproducción de vídeos corporativos, promocionais e curtametraxes. Director da webserie “Dálle Jas!”. Cofundador de WinterSun Studio. Elaborou murais artísticos en espazos de Vigo.
<http://srsaguillo.com>

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com